



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 e 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.gal

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES “ENTROIDO NA CASIÑA” FRADES 2021

As bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces Entroido Frades 2021 son:

PRIMEIRA:

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

SEGUNDA:

O Concurso de Disfraces Entroido Frades 2021 terá lugar este ano de xeito virtual na época de entroido.

TERCEIRA:

Quedan establecidas as seguintes categorías:

1ª: Categoría xeral (maiores de 14 anos).

2ª: Categoría infantil (ata 14 anos).

3ª. Categoría grupos (Dous ou máis compoñentes da mesma unidade familiar. Pode estar composto por nenos e adultos).

CUARTA:

O prazo de inscrición esténdese ata o día 18 de febreiro ás 14 horas.

A inscrición formalizarase por correo electrónico, cubrindo a ficha de inscrición e adxuntando a foto do disface.

QUINTA: PREMIOS

CATEGORÍA

- “Infantil individual” (1 compoñente) (Ata 14 anos)
1º Premio: 60 €.
2º premio: 30 €.
- “Adultos individual” (1 compoñente) (15 anos ou máis)
1º premio: 60 €
2º premio: 30 €
- “Grupo” Dous ou máis compoñentes da mesma unidade familiar. Pode estar formado por nenos/as e adultos/as.
1º premio: 150 €
2º premio: 75 €
3º premio: 30 €

-Poderán participar persoas empadroadas ou residentes en Frades.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 e 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.gal

SEXTA:

A selección das gañadoras e/ou dos gañadores levarase a cabo con posterioridade ao prazo de entrega das fotografías segundo valoración dun xurado designado para tal fin polo Concello de Frades composto polo concelleiro de cultura do Concello de Frades, unha representante da ANPA e a técnico de cultura da Mancomunidade.

Valorarase a orixinalidade e a laboriosidade, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

SÉTIMA:

A entrega de premios para as distintas modalidades efectuarase con posterioridade ao Concurso tendo en conta as limitacións establecidas pola alerta sanitaria xenada pola Covid-19.

OITÁVA:

Normas finais

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases.

No caso de que algunha das categorías quede deserta, os premios destinados a esa categoría poderanse repartir segundo criterio do xurado.

Así o dispoño, en Frades a 29 de xaneiro de 2021.

O alcalde.



Roberto Rey Martínez